

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 15 de outubro de 2007 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a convocatoria de ata un máximo de 8 bolsas de formación e prácticas de comercio internacional en Galicia para descendentes de galegos residentes fóra de España, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Igape e asociacións e institucións empresariais.*

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) na súa xuntanza do 19 de xullo de 2007 acordou, por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para a convocatoria de ata un máximo de 8 bolsas de formación e prácticas de comercio internacional en Galicia para descendentes de galegos residentes fóra de España, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Igape e asociacións e institucións empresariais.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

### RESOLVO:

Primeiro.-Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape para a convocatoria de ata un máximo de 8 bolsas de formación e prácticas de comercio internacional en Galicia para descendentes de galegos residentes fóra de España, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e asociacións e institucións empresariais, as cales se anexan a esta resolución.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2007

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica

Bases reguladoras das axudas do Igape para a convocatoria de ata un máximo de 8 bolsas de formación e prácticas de comercio internacional en Galicia para descendentes de galegos residentes fóra de España, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e asociación e institucións empresariais.

Artigo 1º.-Obxecto.

Estas bases regulan o obxecto, requisitos e procedemento de tramitación da convocatoria e selección dun

máximo de 8 bolsas para a realización de estudos e prácticas de comercio internacional en Galicia (en adiante bolsas inversas).

Artigo 2º.-Requisitos dos bolseiros.

Poderán ser beneficiarios das bolsas os descendentes de galegos residentes fóra de España nados a partir do ano 1972 e que teñan finalizados estudos universitarios medios ou superiores.

Artigo 3º.-Características das bolsas.

A duración prevista das bolsas será de 12 meses. Prevese un período inicial de formación de entre 2-3 meses que se impartirá en Santiago de Compostela, conxuntamente co dos bolseiros de promoción exterior do Igape. Posteriormente os bolseiros incorporaranse a empresas, asociacións ou institucións situadas en calquera punto de Galicia, cuxa selección será obxecto dunha convocatoria pública específica.

Artigo 4º.-Obrigas dos bolseiros.

Os beneficiarios das bolsas quedarán suxeitos ás seguintes obrigas:

-Participar nas actividades de formación teórica e práctica que o Igape organice para os bolseiros.

-Incorporarse ao seu destino dentro do prazo fixado na resolución de concesión.

-Cumprir as instrucións fixadas ou que lles sexan transmitidas polo Igape para o desenvolvemento do obxecto da bolsa.

-Cumprir as normas de conduta da oficina ou entidade onde o bolseiro estea instalado.

-Elaborar e presentarlle ao Igape os estudos, informes ou traballos prácticos que lle sexan encomendados durante a duración da bolsa e, ao remate desta, presentar unha memoria final sobre os traballos realizados.

-Xestionar, tramitar e obter os visados, permisos ou autorizacións exixidos polas autoridades españolas antes de ocupar o seu destino.

-Contratar un seguro de enfermidade e accidentes por unha duración equivalente á da bolsa e presentar unha copia no Igape antes de ocupar o seu destino.

-Apertura dunha conta bancaria nalgunha entidade financeira en España na que se efectuarán os pagamentos da bolsa.

## Artigo 5º.-Importe das bolsas.

As bolsas estarán dotadas cunha cantidade base anual de 19.800 €.

Nesta dotación considéranse xa incluídos os gastos de viaxe, visado e seguro de enfermidade e accidentes durante a duración da bolsa, que serán contratados por conta do bolseiro.

Así mesmo, considéranse incluídos dentro da dotación da bolsa os impostos de carácter persoal así como todos os gastos en que teña que incurrir o bolseiro para o seu desenvolvemento, e en concreto, os seguintes:

-Os gastos de desprazamentos ás oficinas consulares para a obtención e/ou renovación do visado ou permiso de residencia exixidos polas autoridades de España.

-Gastos de estadía en Galicia.

-Contratación dun seguro de enfermidade e accidentes por unha duración equivalente á da bolsa.

## Artigo 6º.-Tramitación das solicitudes e concesión das bolsas.

Os interesados que reúnan os requisitos establecidos no artigo 2º presentarán a súa solicitude, segundo a instancia que se xunta como anexo I, en calquera entidade colaboradora, dentro do prazo dun mes seguinte ao da publicación destas bases, acompañada da declaración doutras axudas segundo o anexo II.

Os beneficiarios destas bolsas serán propostos polas entidades colaboradoras do Igape para facer a selección dos candidatos segundo os criterios indicados polo Igape no artigo 7º seguinte. As devanditas entidades colaboradoras terán que acreditar debidamente no momento de propoñer o/os seu/s candidato/s a difusión pública e xeral entre os seus asociados da existencia destas bolsas.

Cada entidade colaboradora pode instar nunha primeira solicitude, un máximo de tres candidatos para estas bolsas ordenados de 1 a 3 de maior a menor puntuación segundo os criterios citados no artigo 7º.

O prazo inicial de presentación destas solicitudes por parte das entidades colaboradoras no Igape rematará o 30 de novembro de 2007, data en que deberán estar presentadas no Igape por correo ou fax as solicitudes segundo o impreso de solicitude que se anexa. A incorporación dos bolseiros será a partir de decembro de 2007.

## Artigo 7º.-Criterios de selección dos bolseiros.

Os criterios de selección que deben observar as entidades colaboradoras propoñentes son:

-Expediente académico: máximo 50 puntos. Considerándose preferentes as titulacións que versen sobre as seguintes materias: ciencias económicas e empresariais, administración e dirección de empresas, economía, comercio internacional, dereito, ciencias políticas e enxeñaría.

-Experiencia laboral relacionada coa titulación: 10 puntos por ano traballado ata un máximo total por este concepto de 50 puntos.

A acreditación documental do expediente académico e vida laboral dos aspirantes a bolseiros, así como a acreditación documental da súa condición de potencial beneficiario, segundo os requisitos do artigo segundo destas bases, debe ser solicitada e custodiada pola entidade colaboradora propoñente que así mesmo se compromete a poñela á disposición do Igape para a súa comprobación.

## Artigo 8º.-Resolución.

Unha vez que as entidades colaboradoras propoñan os seus candidatos, as candidaturas que reciba o Igape -se son superiores ao número de bolsas ofertadas- adxudicaranse tendo en conta o criterio inicial de prioridade dun bolseiro por cada entidade colaboradora propoñente.

No caso de bolsas remanentes, asignaranse por entidades colaboradoras, priorizando por maior poboación do país de procedencia do bolseiro, e seguirase o mesmo criterio para as asignacións de sucesivas bolsas por entidade colaboradora.

No caso de que non se cubran todas as bolsas ofertadas, comunicaráselles ás entidades colaboradoras asinantes o número de bolsas vacantes cun novo prazo para presentación de solicitudes.

Os candidatos das solicitudes aos cales non se lles adxudique bolsa nesta primeira fase pasarán a formar parte de reservas da súa respectiva entidade colaboradora para o suposto de que se produza un caso de baixa como se especifica no artigo 12º.

Unha vez avaliadas as solicitudes, a Dirección da Área de Promoción elevará a proposta de resolución ao director xeral do Igape, quen resolverá por delegación do Consello de Dirección.

## Artigo 9º.-Notificación, silencio administrativo e recursos.

1. O Igape publicará no taboleiro de anuncios sito no edificio administrativo Igape, San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela, e na súa páxina web ([www.igape.es](http://www.igape.es)) o resultado da convocatoria, e comunicarlles ás entidades colaboradoras a concesión ou denegación da bolsa para os candidatos propostos.

2. O prazo máximo para publicar a resolución do procedemento será de tres meses a partir da data de remate de presentación de candidaturas no Igape. O citado prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 42.5º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido tal prazo sen que se notificase resolución expresa, poderase entender desestimada. Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os xulgados de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución. Potestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral do Igape no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas.

#### Artigo 10º.-Publicación.

1. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o Instituto Galego de Promoción Económica publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, [www.igape.es](http://www.igape.es), expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades financeiras e da súa publicación nos citados medios.

2. De conformidade cos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

#### Artigo 11º.-Pagamento da bolsa.

A asignación para estas bolsas será dun orzamento máximo de 19.800 € por bolsa, o que fai un total

máximo de 158.400,00 € que se lles pagarán aos bolseiros por trimestres anticipados de acordo coas seguintes porcentaxes: 1º pagamento: 30%; 2º pagamento: 20%; 3º pagamento: 20%; 4º pagamento 30%.

#### Artigo 12º.-Incidencias.

Calquera alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión das bolsas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, por instancia do solicitante ou de oficio, pola do Igape.

Procederá a revogación da bolsa e, de ser o caso, o reintegro das cantidades anticipadas, cando o bolseiro renuncie á bolsa antes da súa finalización ou incumpra calquera dos compromisos contraídos na resolución de concesión. O procedemento para declarar o incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ao disposto no artigo 20 do Decreto 287/2000 de desenvolvemento do réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da aplicación da regulación establecida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) á súa entrada en vigor, sendo competente para a súa resolución o director xeral do Igape. Contra a súa resolución caberá recurso contencioso administrativo ante os xulgados de Santiago de Compostela nos dous meses seguintes á súa notificación e potestativamente, recurso de reposición ante o director xeral do Igape no mes seguinte á súa notificación.

No caso de producirse a baixa dun bolseiro, a entidade colaboradora poderá -sempre que non transcorresen máis de 6 meses desde o inicio da bolsa- proponden un novo bolseiro, seguindo os criterios establecidos no artigo 7º.

En calquera momento o Igape poderá comprobar, mediante os mecanismos de inspección e de control que considere convenientes, as actividades dos beneficiarios relativas á bolsa concedida.

#### Artigo 13º.-Control.

As entidades colaboradoras e os beneficiarios das operacións de financiamento quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que efectúen o Igape ou os órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das bolsas acollidas a estas bases.

#### Artigo 14º.-Dotación orzamentaria.

Os créditos para financiar os compromisos derivados destas bases financiaranse, con cargo á aplicación orzamentaria 01.04-E3/30/01-6518000, coas seguintes plurianualidades:

Anualidade 2007: 47.520 €.

Anualidade 2008: 110.880 €.



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E**  
**FACENDA**

*ANEXO I*



PROCEDEMENTO <b>BOLSAS INVERSAS EMPRESARIOS E PROFESIONAIS GALEGOS EN REDE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>EC634A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DA ENTIDADE COLABORADORA**

NOME ENTIDADE COLABORADORA			
ENDEREZO DA ENTIDADE			CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	PAÍS
CORREO ELECTRÓNICO	PÁXINA WEB	TELÉFONO	FAX
REPRESENTANTE DA ENTIDADE COLABORADORA ASINANTE DA SOLICITUDE (NOME E APELIDOS)			CARGO

**PROPOSTA BOLSEIRO Nº1**

NIF	TITULACIÓN	ESPECIALIDADE
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DATA DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO	PAÍS DE NACEMENTO
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)		
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL
CORREO ELECTRÓNICO		
INDICAR RELACIÓN DE PARENTESCO CON GALICIA		

**PROPOSTA BOLSEIRO Nº 2**

NIF	TITULACIÓN	ESPECIALIDADE
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DATA DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO	PAÍS DE NACEMENTO
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)		
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL
CORREO ELECTRÓNICO		
INDICAR RELACIÓN DE PARENTESCO CON GALICIA		

**PROPOSTA BOLSEIRO Nº 3**

NIF	TITULACIÓN	ESPECIALIDADE
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DATA DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO	PAÍS DE NACEMENTO
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)		
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL
CORREO ELECTRÓNICO		
INDICAR RELACIÓN DE PARENTESCO CON GALICIA		

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante autoriza expresamente o Igape, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude a aquelas entidades con que o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica. Complexo administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.  
 De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas se puidesen impoñer, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.  
 O solicitante AUTORIZA o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web do Igape e da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

LEXISLACIÓN APLICABLE  
*Resolución do 15 de outubro de 2007 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a convocatoria de ata un máximo de 8 bolsas de formación e prácticas de comercio internacional en Galicia para descendentes de galegos residentes fóra de España, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Igape e asociacións e institucións empresariais.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU DO SEU REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data

de de 200

(A cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE
DATA DE ENTRADA
DATA DE EFECTOS
DATA DE SAÍDA

## ANEXO II

## DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona

con identificación

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que, para a súa formación e prácticas de comercio internacional en Galicia para descendentes de galegos residentes fóra de España, instrumentada mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e asociacións e institucións empresariais, solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE €
AXUDAS CONCEDIDAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
AXUDAS SOLICITADAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, o asinante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

En  , o

(Sinatura e selo da entidade)

Asdo.

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
E XUSTIZA

*Resolución do 11 de outubro de 2007, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 004 (auxiliar de fogar//coidador/a auxiliar e outras) do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría e de acceso libre, pola que se lles dá publicidade a diversos acordos dos procesos selectivos convocados polas ordes do 21 de febreiro de 2006 (Diario Oficial de Galicia número 81, do 27 de abril) desta consellería.*

En sesión que tivo lugar o día 11 de outubro de 2007, o tribunal IV-D, nomeado pola Orde do 11 de xuño de 2007 (DOG número 115, do 15 de xuño), para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 004 (auxiliar de fogar//coidador/a auxiliar e outras) do grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría e de acceso libre, convocado

polas Ordes do 21 de febreiro de 2006 (DOG número 81, do 27 de abril), e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria,

## ACORDOU:

Primeiro.-Corrixir o modelo de respostas do segundo exercicio, publicado no seu día, en relación á pregunta nº 48, pasando a ser a resposta correcta a c.

Segundo.-Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións e alegacións presentadas.

Terceiro.-Que, de conformidade co disposto na base II.3.7 da convocatoria, contra estes acordos poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.-Que, de acordo co establecido na base II.2.1.b) da orde da convocatoria, superaron o segundo exercicio da fase de oposición os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de cinco (5) puntos na proba, fixándose en vinte e sete (27) o número de respostas correctas para obter a devandita puntuación na quenda de promoción interna e cambio de categoría e en trinta e dúas (32) o número de respos-